



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 31 - SETEMBRO - 07

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo 1: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 **Tfno:** 982 284111 **Fax:** 982 231203
Lugo 2: Pazo de Feiras e Congressos de Lugo - O Palomar s/n - 27004 **Tfno:** 982 245142
Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense **Tfno:** 988 442 428
Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com / **Páxina web:** www.ovica.org

SOLICITUDES

Retraso no envío das follas de saneamento.

Existe unha importante porcentaxe de explotacións que a estas alturas de ano aínda non recibiron a folla de saneamento.

O novo sistema de identificación a través dos bolos ruminais fai que a Consellería do Medio Rural non envíe as follas de saneamento a aquelas explotacións nas que se sanearon animais de reposición e estén pendentes de ser identificados cos bolos que conteñen o microchip.

Os gandeiros/as deben de solicitar ás oficinas agrarias comarcais que se lles vaian a identificar os animais cos bolos ruminais.

OVICA contactou coa Dirección Xeral de Gandaría para que se poña solución a esta situación que está perxudicando a gandeiros e gandeiras. Dende a Consellería manifestaron o seu compromiso para resolver esta situación no prazo máis breve posible. Se tes algunha dúbida sobre este asunto contacta con OVICA - LUGO.

NOVO LOCAL

OVICA conta cun novo local no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo.

A partir deste mes de setembro OVICA conta cun novo local. Este novo local albergará ós servizos veterinarios que desempeñan as súas funcións nas provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra.

Ademais dos servizos veterinarios neste local estará algún dos técnicos de OVICA para prestar atención telefónica e desenvolver dende alí a súa actividade.

Este novo local conta con 4 postos de traballo, un pequeno almacén e o mobiliario necesario.

O mobiliario deste novo local foi cedido pola Consellería do Medio Rural que tamén intermediou para a cesión do propio local.

O teléfono do novo local é o:

982 24 51 42



USOS DA LÁ. Illamento dunha vivenda rural con la de ovella.



A la, ademais de ser un material ignífugo, ten excelentes propiedades illantes.

RAZAS: **SEGUREÑA**



Orixe: Serra e río Segura.

Características: Adaptada ó pastoreo en sistemas extensivos en condicións moi duras.

Producción: Cárnica con boa prolificidade 135 %, que en rebaños seleccionados poden chegar a 175 anos / 100 ovellas.

Producen años de alta calidade que se sacrifican entre 24 e 30 kg peso vivo. O año segureño posee a Marca de Garantía Calidad Agroalimentaria - Control Región de Murcia

Contacto: Asoc. N. de Criadores de Ovino Segureño (ANCOS) Polígono de la Encantada, s/n - 18830 Huéscar (Granada) Tf: 958/74.13.16 E-mail: ancosh@terra.es



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndese lote de ovellas (50/60). 981 44 82 38.
- Véndese rebaño 200 ovellas + 80 cabras con 220 dereitos (Lobeira - Ourense) - 988-458662.
- Véndense machos de aptitude cárnica e xenética contrastada – 636 793 390.
- Vendese rebaño de 130 ovellas – Allariz. 687 778 511.
- Véndense 10 cabras + 1 castrón. 652 534 189.
- Cómpranse 10 dereitos de ovino 690 359 131.
- Véndense 18 ovellas con años e dereitos 697 985 240 – Porqueira – Ourense.
- Véndese. 1 macho cabrún *raza alpina* de 5 anos + 1 machos *saanen* de 1 ano. 677 807 305.

PROXECTOS EN MVMC.

Socios de OVICA beneficiaranse de melloras en montes veciñais en man común.

A posta en marcha das melloras nos montes veciñais en man común de Vilauxín, Foxo e Vilar nas parroquias de Ernes e Barcela en Negueira de Muñiz suporán unha mellora para os sistemas productivos dos dous socios/as de OVICA que aproveitan estes montes veciñais. Estas melloras consisten no cercado de parcelas dos montes veciñais en man común, o acondicionamento de accesos e a creación de pradeiras.

A Consellería do Medio Rural apoiou, con esta medida, a iniciativa de xóvenes gandeiros/as que apostaron pola vida no medio rural e nunha das zonas máis despoboadas do país.



FEIRAS

Feira Multisectorial San Froilán 2007 – Mercado Gandeiro e Alimentario.

A fundación Feiras e Exposicións de Lugo xunto coa Consellería de Innovación e Industria e a Consellería do Medio Rural porán en marcha, por segundo ano consecutivo, unha feira multisectorial e unha exposición de gando de diversas especies. Con esta mostra preténdese rememorar os orixes das feiras e festas do San Froilán na capital Lucense.

Esta feira terá lugar do 4 ó 7 de outubro no pazo de Feiras e Exposicións de Lugo coincidindo coas festas patronais de Lugo San Froilán – 2007.

OVICA participará nesta feira cun stand no que se promocionarán, ademais, os produtos que comercializa a cooperativa COVIGA e cunha exposición de gando ovino e caprino no que se amosarán diferentes razas.

Ademais OVICA organizará unha demostración de manexo de gando ovino con cans pastores a cargo de Alejandro Ibarra Artús.

**HAI INVITACIÓNS PARA A FEIRA A
DISPOSICIÓN DOS SOCIOS/AS**



INSTITUCIÓNS

Deputación provincial de Lugo.

Despois do cambio de goberno na Deputación Provincial de Lugo o novo equipo de goberno manifestou a súa intención de mellorar as infraestruturas e optimizar a utilización da Granxa Gaioso-Castro.

OVICA presentou ante este organismo un escrito, dirixido ó presidente, ofrecéndolle a súa experiencia e coñecementos técnicos no sector ovino-cabrún.

DEREITOS DE OVINO-CABRÚN.

Reparto de dereitos de prima de ovino-cabrún da reserva.

Nas oficinas agrarias comarcais pódese presentar a solicitude de dereitos de prima de ovino-cabrún para a campaña 2.008.

Reparto dereitos de pago único.

Poderanse solicitar da reserva nacional dereitos de pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría, así como a indemnización compensatoria, xunto coa solicitude de axudas da PAC entre o 1 de febreiro e o 30 de abril de 2008, inclusive.

FESTAS.

Festa do año á brasa – O Saviñao.

O socio de OVICA propietario da Finca "Montefirme" organiza por 3º ano consecutivo a festa do año á brasa para promocionar o consumo de año galego. Esta festa terá lugar o sábado 22 de setembro ás 21:30 no campo da festa de A Paxara – Licín – O Saviñao e contará con actuacións musicais.

Información: 651 910 102